

GRIAL

112

OUTUBRO, NOVENBRO, DECEMBRO

TOMO XXIX / 1991

EN TORNO A VALLE-INCLÁN

DARÍO VILLANUEVA:

Valle-Inclán e James Joyce.

JOSÉ LUÍS CARDERO LÓPEZ:

Galicia, Valle-Inclán e a morte.

ANA MARÍA SPITZMESSER:

Totem e Tabú: a sociedade galega nas *Comedias Bárbaras* de Valle-Inclán.

GUSTAVO A. GARRIDO:

Entrevista con Jesús Mosterín.

HERNÁN NEIRA:

Borges e o folclore inmortal.

MAXIMINO CACHEIRO VARELA:

Octavio Paz e Mallarmé.

ANTÓN RISCO:

Para un estudio dos mitos actuais III. *O Lobishome*.

B. LOURENÇO FONDEVILA:

Heidegger: ecoloxía e o sentido do sagrado.


A memoria redimida

- SILVIO SANTIAGO. *O silencio redimido*. Galaxia, Vigo, 1989.

O silencio redimido. *Historia dun home* que pode ser outro, novela autobiográfica da guerra civil, vén encaixarse tamén dentro do xénero testimonial. O testimonio é unha narración moi persoal do vivido nunha situación de resistencia e loita. O contido é íntimo pero nos mellores textos testimoniais os elementos autobiográficos afástanse do discurso para deixaren lugar á comunicación de diversas historias. Di René Jara que “en el abandono del yo narcicista (...), allí justamente, gracias a su ausencia, tiene lugar el diálogo, y con él la promesa esperanzada de la aniquilación del fascismo. (...) las formas discursivas del testimonio se internalizan en la literatura y la impregnan de una combatividad nueva que es, al mismo tiempo acusación y desafío” (5). De feito, a obra de Santiago atópase a cabalo entre a escrita de ficción e a documental, porque o peso da historia particular (e colectiva) do movemento franquista, incide sobre ambas beiras da creación literaria. É dicir, a violencia sañuda dos fascistas, a inxustiza das súas actuacións, constrúe un dramatismo xa non realista senón que remata parecendo irreal, absurdo, imposible fóra da imaxinación. Ó mesmo tempo, a bestialidade inhumana (valla a redundancia) dá pulos á narración da verdade que é máis que unha historia singular: é a historia de tantos republicanos sorprendidos pola rabia do inimigo. Ou sexa que, nin só a novelización só, nin só a autobiografía, veñen facer de *O silencio redimido* unha obra extraordinaria en si, xa que contido e recursos non son totalmente orixinais. En troques, si é de verdadeiro interese literario o intercambio e *fusión* de vida e creación, un espacio acorralado aínda que bipartito que ás veces semella ser un soño do narrador, ás veces o pesadelo dun perseguido psicolóxico.

Na estrutura mesma o xogo da realidade e a invención é perceptible: atópase de primeiro o coñecido recurso do encontro de dúas personaxes, exiliados en Colombia, do que sairá unha historia relatada por medio dun interlocutor en primeira persoa. Ó mesmo tempo, a seguinte progresión dos eventos ocorridos durante a guerra civil non é cronolóxica; ou sexa que o é desde o comezo ata o cabo da primeira parte, que abrangue concretamente desde a fuxida do protagonista de Portoledo (Galicia) a Portugal, ata a súa saída para Cuba. Pero despois, na segunda parte, figuran outras memorias desta personaxe (Carlos), que as deixou no intre da súa partida como exiliado para América. Nelas conta os sucesos anteriores ó cárcere e os que ocorreran dentro del. A dislocación ou mesmo a ruptura temporal, xunto co suspense da procura de escaparse desde Portugal, representan o aspecto máis novelístico de *O silencio redimido*. Como os acontecementos son os típicos da guerra española e en diferentes momentos ralentízanse ou se repiten, pode resultar de meirande importancia para algúns lectores precisamente esa relación entre o que é o mundo verdadeiro e a verdade que xorde do seu carácter de situación-límite. A forza da historia sempre impón ese límite, mesmo rebaixando o retrato novelesco dos feitos reais. Di o protagonista na carta ó que será o editor das memorias que lle envía: “Non argallo ningún feito; máis ben rebaixo o dramatismo dalgúns casos. Rexeito a truculencia e conto con toda a verdade a miña aventura, por non dici-la miña desventura”. (15) Ou sexa que, o que é vida é presentado como novela, e o que é xénero de ficción non acada afastarse dun referente histórico que todo lector galego vai ter moi presente; o intercambio é constante, intenso. Segundo esta lóxica

do reflexo, atopamos que hai unha sucesión de marcos que configuran o espacio textual:



O emprego de diversos narradores, como o outro galego exiliado en América e o oficial portugués, da relevo ó ritmo da obra, que de ter sido monolítico e completamente monolóxico, tería perdido moito. Nos diálogos e contrastos temporais conséguense un relevo de maior calidade lectiva. O interesante é, sen embargo, que non haxa ningún desexo de impresionar mediante o sensacionalismo, nin a sensualidade, que nas situacións-límite adoitan darse no texto literario. As torturas e asasinatos non sobresaen na superficie, aínda que non deixan de estar sempre presentes, ameazantes, como nun xeito de autosilencio respecto do pasado por parte do autor, quen escribe desde certa distancia temporal. O amor tampouco é utilizado como maneira de esquecer o presente, senón que reviste elementos de alta moralidade. A dor, sen ser esaxerada, marca a todas as personaxes e eles chegan a sentila sen deformarse, sen que se lles reste dignidade ou verosimilitude. A impresión final é de que a experiencia dun home é a de moitas persoas, que para entraren no cárcere fascista e escapar del, é precisa a colaboración de moitos. O autor fai pensar no que é o moral, a xustiza, que leva a considerarmos a imprecisión de dividir en dous bandos unilaterais ós que participaron na guerra. A vileza de Alcázar, antigo seguidor de Azaña trocado en carcereiro sádico, será contrastada coa persoalidade e final trágicos de Guerra, o policía portugués que é responsable en derradeira instancia de que o protagonista poida fuxir. Quizais o autor non acada tratar o drama deste policía con todo o valor artístico que merece, pero os feitos falan por si mesmos: o home que desde o seu posto de policía nacional axuda ós comunistas a escaparen, como expiación é morto anos despois polos do mesmo partido.

Mesmo a morte de Guerra serve de escenario final de *O silencio redimido*, aínda que narrada fóra dos sucesos que son propios de vida e da novela de Carlos Aranda Torres, alias Silvio Santiago. Cómpre subliñar que tamén as experiencias de Carlos son narradas por unha personaxe allea ós acontecementos concretos da novela, e que funciona só para facilitar a súa transmisión a un público lector. Este facilitador podería ou non ser un desdobrete do autor Santiago, podería ter a súa base na realidade del ou ser simplemente unha creación literaria con valor de "liaison" entre o mundo de ficción e o da historia real. O distanciamento dos feitos tería o efecto de documentar ou rescatalos para a posterioridade.

De todos xeitos, as voces periféricas son vitais para lle daren corpo á narración da novela en si, permitindo achegarse ó público de diferentes manei-

ras e profundarse nos feitos con varios ritmos e tensións. No coro de personaxes, narradores, editores e autor implícito que así é artellado fica en dúbida a verdadeira identidade do exiliado, que si ten nome real. Só se sabe que fora acusado polos fascistas de ser republicano de Portoledo, e actúa ó longo da novela co nome asumido de Carlos Aranda Torres, quen en realidade existía, sendo cubano das Brigadas Internacionais. Nun acto de autocensura, o protagonista nin sequer dá o seu verdadeiro nome na carta que figura ó comezo de *O silencio redimido* e que é escrita desde Venezuela a onde fuxira porque fora acusado inxustamente en Colombia de ser espía do goberno franquista e porque tamén se atopara coa filla do mesmo Carlos Aranda Torres de quen leva o nome falsificado. Ironicamente, revélase a identidade del dúas veces e ningunha; a estrutura do texto forma relacións paralelas que rematan no mesmo intre: o dous de marzo de 1937, día en que sae “á liberdade”. A liberdade, por unha banda, xunto co concepto da identidade, forman o tema esencial da novela. Sobrevivir e manter unha rectitude no comportamento cos demais tamén son actitudes fundamentais. Neste senso, seica se percibe a vergoña do fuxido que lle “roubara” o nome ó cubano que sen sabelo, fora solidario da súa causa.

En contraste co que non revela dos seus sinais de identidade, menciona o protagonista moitos nomes e tamén dá o respecto merecido ás mulleres pola súa axuda a acadar el a saída do cárcere e de Portugal. Aínda ben, hai unha tensión narrativa moi significativa nos cabos soltos: nin se sabe do remate da relación coa noiva, nin se presenta o nome do heroe textualmente. Quizais se lle podería chamar anti-heroe, ou polo seu carácter modesto ou pola resistencia del a rexistrar as verdadeiras dimensións do conflito nacional; mais de novo é de menor importancia o que lle pasa ó pseudo-Carlos do que el representa dun grupo enteiro. Como explica Miguel Barnet na súa definición da novela-testemuño: debe esta “proponerse un desentrañamiento de la realidad, tomando los hechos principales, los que más han afectado la sensibilidad de un pueblo y descubriéndolos por boca de uno de sus protagonistas más idóneos” (288). *O silencio redimido* ó que alude o título, paradoxalmente non é único, senón que está cheo de silencios pequenos que ilustran e remiten simultaneamente á historia dunha vida que é ó mesmo tempo a de moitas vidas, dos que pasaron pola guerra civil de España ou por outra semellante. Observa o amigo editor: “E aí van (as páxinas), sen que o tempo as envellecera nin lles minguara interese. Infelizmente, a historia que se conta non ten idade; é de calquera tempo, de calquera país e pódelle acontecer a calquera persoa. Mesmo a ti, lector. Se non che aconteceu xa” (18). Xa o afirma o editor ó dar ó prelo os papeis de Carlos que non o era, que parecía ter deixado a súa identidade no país pedido, un representante máis dos silencios que aínda están por redimir na Galicia de hoxe. Na Galicia rural, sobre todo, que podería contar longas historias do que as súas xentes viron e pasaron neses anos e nos posteriores. Seica a isto alude o subtítulo da obra *Historia dun home que pode ser outro* home que segue a fuxir aínda na terra do exilio, e que pola súa experiencia, por necesidade fúndese co seu pobo, fala polos demais e animaos a facelo tamén. A súa verdade é preciso seguir a contala, espallala e lembrala, porque a lección que entraña vai moito máis aló do que xa de por si é unha novela importante, unha obra fundamental para a literatura galega contemporánea.